

# bases promoción bienvenida xaneiro 2024

## 1 obxecto

**R** Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U., en adelante **R**, presta os servizos de telefonía fixa e móbil, internet de alta velocidade e televisión por cable, e decidiu lanzar unha campaña comercial de captación denominada "promoción bienvenida xaneiro 2024", en diante a promoción móbil, coas seguintes bases:

## 2 duración e ámbito

A promoción de bienvenida está comprendida entre o 1/01/2024 e o 31/01/2024 para altas de servizos fixos e/ou liñas móbiles de clientes residenciais e negocios.

## 3 descrición da promoción dos paquetes de fixo e móbil

A oferta de contratación de servizos fixos e de telefonía móbil de **R** baixo a promoción de bienvenida é a seguinte:

- Combo móvete+móbil 30GB: teléfono fixo, fibra 300 megas e 2 liñas de móbil 30GB+chamadas ilimitadas por 49 €/mes.
- Combo infinito: teléfono fixo, fibra 300 megas, 2 liñas de móbil GB ilimitados+chamadas ilimitadas e Ocio TV de Agile TV con deco 4K por 59 €/mes.

- Oferta combo infinito: teléfono fixo, fibra 300 megas, e 2 liñas de móbil GB ilimitados+chamadas ilimitadas e ocio TV de Agile TV con deco 4K, por 45 €/mes durante 12 facturas. O prezo despois da promoción será de 59€/mes. Esta promoción conleva unha permanencia de 12 meses.
- Netflix: podes incluílo no teu combo infinito cun desconto de -3 €/mes nas opcións de Netflix Estándar HD (13 €/mes sen desconto) e Netflix Premium 4K (18 €/mes sen desconto).
- Promoción Netflix Estándar + Amazon Prime: válida para contratacións do combo infinito. Desconto do 100% nas tres primeiras facturas de Netflix Estándar + Amazon Prime. O prezo despois da promoción será de +14€/mes. Promoción sen permanencia
- Promoción DAZN Esencial. Válida para contratacións do combo infinito. Desconto do 100 % nas tres primeiras facturas de DAZN Esencial. O prezo despois da promoción será de +18,99 €/mes (IVE incl.). A promoción DAZN esencial non conleva permanencia.
- Promoción DAZN Total. Válida para contratación do combo infinito. Desconto do 100% nas tres

primeiras facturas de DAZN Total. O prezo despois da promoción será de +29,99 €/mes (IVE incl.) Promoción sen permanencia.

- Combo infinito pro: teléfono fixo, fibra 300 megas, 2 liñas de móbil GB ilimitados+chamadas ilimitadas e Módulo Pro por 59 €/mes.
- Combo móvete+móbil 10GB: teléfono fixo, fibra 300 megas e 2 liñas de móbil 10GB+chamadas ilimitadas por 39 €/mes.
- Promoción DAZN Esencial. Válida para contratacións do combo infinito. Desconto do 100 % nas dúas primeiras cotas de DAZN Esencial. O prezo despois da promoción será de 18,99 €/mes (IVE incl.). Esta promoción non ten permanencia.
- Promoción liñas adicionais de móbil: nos combos móvete+móbil e combo infinito o prezo das liñas adicionais é de 3 €/mes durante as 12 primeiras facturas. A do mes da activación do servizo e 11 máis. O desconto do primeiro mes proratéase en función da data de activación do servizo. As liñas adicionais terán o mesmo contido en minutos e xigas que a incluída no combo contratado. Despois da promoción o prezo destas liñas será o aplicable na oferta de combos vixentes (tarifa ilimitada 5GB por 5 €/mes, ilimitada 10GB por 9 €/mes, ilimitada 30GB por 11€/mes, GB ilimitados por 16 €/mes). Para manter este prezo a liña principal do combo debe ter o mesmo contido en GB ou superior. No caso contrario o prezo que se aplicaría nestas liñas será o vixente sen promoción (ilimitada 5GB por 7 €/mes, ilimitada

10GB por 9 €/mes, ilimitada 30GB por 16 €/mes e GB ilimitados por 32 €/mes).

- Promo 1Gb a prezo de 300 megas durante as 3 primeiras facturas, a do mes da activación do servizo e dúas máis. O desconto do primeiro mes proratearase en función da data de activación. A partir da cuarta factura, e se decides quedar coa velocidade de 1Gb, o prezo incrementarase 10 € máis ao mes (exclusivo FTTH).
- Promoción Total TV Agile a prezo de Ocio TVAgile durante 3 meses: leva a Total TV Agile a prezo de Ocio TV Agile durante as 3 primeiras facturas, a do mes da activación do servizo e 2 máis. O desconto do primeiro mes proratearase en función da data de activación. A partir da cuarta factura, se decides quedar con esa opción o prezo incrementarase en 6 € máis ao mes.
- Telefonía fixa. Todos os combos inclúen:
  - Unha tarifa plana de fixo con 4.000 minutos para chamar a fixos nacionais en calquera horario.
  - Un plan con 4.000 minutos de chamadas de fixo a móbiles nacionais por 3€/mes en calquera horario e 7.000 min por 4€/mes, se tes unha empresa.
- Wifi mesh: os packs combo infinito e combo infinito Netflix levan incluído o servizo wifi mesh cun desconto do 100 % sobre a cota de 4 €/mes • cota de alta de pagamento único de 15 € o primeiro

mes; en caso de deixar de cumprir as condicións da promoción, non se aplicará o desconto • no caso de baixa do servizo, é necesario devolver o equipamento.

- Mantemento bronce: a primeira factura, a correspondente ao mes de la activación, disporás do servizo mantemento bronce totalmente gratis; prezo despois da promoción, 5 €/mes.
- Módulo Pro para cliente negocio inclúe chamadas a fixos e móbiles, e o módulo de Fractalía con Experto dixital 24x7, Ciberseguridade Pro e 10GB na nube.
- Cambios de SIM en caso de roubo ou perda teñen un custo de 6 € (4,96 sen IVE).
- Todos os prezos levan IVE incluído
- Financiación do terminal móbil (ata 1 terminal por liña, ata 3 liñas por cliente) non exhaustivo e suxeito a dispoñibilidade de stock en mobil.mundo-R.com

### 3.1 paquetes de servizos de R mambo axiña

Produto dispoñible exclusivamente en ubicacións fixas onde non exista cobertura HFC ou FTTH e se dispoña de cobertura móbil 5G. A efectos informativos indícanse os prezos sen promoción dos paquetes de servizos con internet 5G de R, vixentes segundo tarifas en vigor, suxeitos a actualizacións:

| <b>mambo axiña</b>   | <b>tarifa móbilR</b> | <b>cota mensual</b>      |
|----------------------|----------------------|--------------------------|
| internet<br>5G 150Mb | sen <b>móbilR</b>    | 34 €/mes (28,10 sen IVE) |
|                      | plana 30GB           | 49 €/mes (40,50 sen IVE) |
|                      | plana GB ilim*       | 59 €/mes (48,80 sen IVE) |

- Promoción liñas adicionais de móbil: nos mambos axiña con móbil, o prezo da primeira liña adicional é de 0 €/ mes (prezo final); esta liña debe ter o mesmo contido en GB e minutos que a liña incluída no mambo contratado. Se necesitas máis liñas, podes contratar 3 liñas adicionais por 3 €/mes durante as 12 primeiras facturas, á do mes de activación do servizo e 11 máis. O desconto do primeiro mes prorratearase en función da data de activación. Despois da promoción, o prezo será o aplicable na oferta (tarifa ilimitada 5GB por 5 €/mes, ilimitada 10GB por 9 €/mes, ilimitada 30GB por 11 €/mes, GB ilimitados por 16 €/mes). Para manter este prezo, a liña principal do mambo debe ter o mesmo contido en GB ou superior que as segundas liñas.

Prezos indicados para comunicacións interpersoais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e uso vinculado á finalidade do servizo descrita nas condicións xerais de contratación. Tarificación por segundos.

SMS: 30 cent/sms (24,79 sen IVE).

Tarifa ilim+ilim GB: en roaming UE inclúe 23GB. Unha vez acadado este límite, redúcese a velocidade a 16Kbps. Se o cliente quere seguir navegando pode facelo a un custo de 3,63 €/GB (IVE incluído).

Tarifa ilim+30GB e tarifa ilim+10GB: acadado o límite de datos aplicaranse de forma automática aumentos de 1Gb sobre o bono contratado cun importe de 5 € IVE incluído, ata un máximo de 3 ao mes. Non permitida a revenda nin o seu uso en centraliñas ou liñas. Chamadas para uso interpersoal. Números pasarela excluídos da tarifa.

\*Chamadas ilimitadas: as chamadas incluídas son interpersonais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e roaming zona 1, quedando excluídas as chamadas ao 902, números cortos e rede intelixente, números pasarela, roaming en zona 2 e 3 e internacionais, tarificación adicional e servizos premium. Non permitida a revenda nin o seu uso en centraliñas ou liceas.

Todos os presos levan IVE incluído

#### 4 descrición da promoción de liñas só móbil

Promoción só móbil: a tarifa con GB+chamadas ilimitadas cun desconto do 50 % na cota durante as 3 primeiras facturas, a do mes de activación do servizo e 2 máis; despois a cota é de 32 €/mes; liñas adicionais con tarifa ilimitada GB ilimitados cun desconto indefinido do 50 % sempre que teñas unha tarifa principal polo menos cos mesmos GB que a liña principal; este desconto está vixente se mantés a túa liña principal.

#### 5 prezo e tarifas móbil sen promocións asociadas

A efectos informativos indícanse os prezos con IVE sen promoción das tarifas por consumo e unidade de uso de **R**, vixentes segundo tarifas en vigor dende o 22/12/2023, suxeitos a actualizacións:

#### tarifas móbiles pack converxente

| tarifa                          | chamadas    | datos móbil | cota mensual sen promoción |
|---------------------------------|-------------|-------------|----------------------------|
| <b>ilimitada + ilimitada GB</b> | ilimitadas* | ilimitados  | 32 € (26,45 sen IVE)       |
| <b>plana 30GB</b>               | ilimitadas* | 30GB        | 16 € (13,22 sen IVE)       |
| <b>plana 10GB</b>               | ilimitadas* | 10GB        | 9 € (7,44 sen IVE)         |
| <b>plana 5GB</b>                | ilimitadas* | 5GB         | 5 € (4,13 sen IVE)         |

#### 6 precio e tarifas Só Móbil

| tarifa                          | chamadas    | datos móbil | cota mensual sen promoción |
|---------------------------------|-------------|-------------|----------------------------|
| <b>ilimitada + ilimitada GB</b> | ilimitadas* | ilimitados  | 32 € (26,45 sen IVE)       |
| <b>plana 30GB</b>               | ilimitadas* | 30GB        | 16 € (13,22 sen IVE)       |

| tarifa            | chamadas    | datos móbil | cota mensual sen promoción |
|-------------------|-------------|-------------|----------------------------|
| <b>plana 10GB</b> | ilimitadas* | 10GB        | 9 € (7,44 sen IVE)         |
| <b>Só Voz</b>     | ilimitadas* | 100MB       | 6 € (4,96 sen IVE)         |

Prezos indicados para comunicacións interpersoais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e uso vinculado á finalidade do servizo descrita nas condicións xerais de contratación. Tarificación por segundos.

SMS: 30 cent/sms (24,79 sen IVE).

Tarifa ilim+ilim GB: en roaming UE inclúe 23GB. Unha vez alcanzado este límite, redúcese a velocidade a 16 Kbps. Se o cliente quere seguir navegando pode facelo a un custo de 3,63 €/GB (IVE incluído).

Tarifa ilim+30GB e tarifa ilim+10GB: acadado o límite de datos aplicaranse de forma automática aumentos de 1Gb sobre o bono contratado cun importe de 5 € (IVE incl.) ata un máximo de 3 bonos por mes. Non permitida a revenda nin o seu uso en centrais ou liceas. Chamadas para uso interpersoal. Números pasarela excluídos da tarifa.

\*Chamadas ilimitadas: as chamadas incluídas son interpersoais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e roaming zona 1, quedando excluídas as chamadas a 902, números curtos e rede intelixente, números pasarela, roaming en zona 2 e 3 e internacionais, tarificación adicional e servizos premium. Non permitida a revenda nin o seu uso en centrais ou liceas.

### 7 bonos de datos adicionais

| plan  | 20GB                   | 30GB                    |
|-------|------------------------|-------------------------|
| prezo | 6 €/mes (4,96 sen IVE) | 12 €/mes (9,92 sen IVE) |

Plans de datos para a navegación con internet móbil de ámbito nacional.

O cliente pode contratar e descontratar os bonos ilimitados no momento que elixa. En todo caso, o cliente ten que pagar como mínimo unha cota mensual, non é rateable nin na alta nin na baixa. Máximo 4 bonos por liña.

### 8 opcións de contidos de TV adicionais

|                      | paquetes                            | xeral                |
|----------------------|-------------------------------------|----------------------|
| <b>opcións de TV</b> | ocio tv Agile TV con combo infinito | 5 €/mes (IVE incl.)  |
| <b>opcións de TV</b> | ocio tv Agile TV                    | 8 €/mes (IVE incl.)  |
| <b>opcións de TV</b> | total tv Agile todas as opcións     | 11 €/mes (IVE incl.) |
| <b>packs TV</b>      | Movistar Estrenos                   | 8 €/mes (IVE incl.)  |
| <b>packs TV</b>      | pack multicine                      | 5 €/mes (IVE incl.)  |
| <b>Netflix FAN</b>   | Netflix básico SD                   | 8 €/mes (IVE incl.)  |
| <b>Netflix FAN</b>   | Netflix estándar HD                 | 13 €/mes (IVE incl.) |
| <b>Netflix FAN</b>   | Netflix premium 4K                  | 18 €/mes (IVE incl.) |

### 9 perda das vantaxes da promoción

Mediante a contratación da presente promoción o cliente solicita expresamente recibir a factura en formato electrónico. Así mesmo, para o mantemento da

promoción, o cliente deberá seguir coa factura electrónica durante o período de vixencia da mesma. Se che interesa ter factura en papel, podes consultar as promocións dispoñibles en [www.mundo-R.com](http://www.mundo-R.com)

As vantaxes destas promocións están ligadas ao mantemento do contrato de prestación de servizos con **R** durante 3 meses completos e seguidos dende a provisión do servizo para os combo de fixo e móbil, e de 12 meses completos e seguidos, dende a provisión do servizo, para os combos de fixo e internet. No caso de incumprir a devandita condición, o cliente deberá aboarlle a **R** o importe de 229,9 € IVE incluído (non prorrateable) en concepto de custo de instalación. O compromiso de permanencia comeza a aplicar dende a data de instalación.

Se o cliente causa baixa despois do período de proba e antes do pagamento das cotas do terminal financiado, o cliente deberá aboar, no seu caso, os seguintes pagamentos por cada liña:

#### **9.1 pagamentos por baixa anticipada sen terminal financiado**

se o cliente solicitase a baixa do servizo antes de 3 meses (no caso de só sim sen promoción) ou antes de 4 meses (no caso de só sim con promoción), deberá aboar a **R** a cantidade de 120 €, reducida de forma proporcional ao tempo de permanencia restante do contrato.

#### **9.2 pagamentos por baixa anticipada con terminal financiado**

se, por calquera causa, o cliente finaliza a súa relación contractual con **R** antes de finalizar o contrato de arrendamento financeiro do/dos terminal/terminais,

seranlle esixidas a totalidade íntegra das cotas pendentes do mesmo sen ter en conta ningunha promoción.

#### **10 bases xerais**

Ao termo do período de aplicación da promoción, aplicaranse ao cliente, sen necesidade de comunicación previa, os prezos vixentes do servizo nese momento, que se atoparán publicados e actualizados en [mundo-R.com/gl/info-legal](http://mundo-R.com/gl/info-legal)

Todos os novos clientes, polo feito de participar nesta promoción, aceptan as presentes bases. Esta promoción comercial non é acumulable a outras ofertas e promocións. Bases elaboradas en xaneiro de 2024.

A efectos de redondeo trabállase con 4 decimais en cargos e con 6 en tarificación de chamadas, que son redondeados a 2 decimais para facturación segundo a lei 46/1998.

Todas as condicións e produtos suxeitos a dispoñibilidade do servizo.

Servizo de TV prestado por Agile TV (Over The Top Networks Ibérica, S.L.U., con NIF B-86588639, con Domicilio Social en Gran Vía de Don Diego López de Haro 45, 48011 Bilbao).

Para maior información consulta **R.gal** ou chama ao 1449.

**R Cable y Telecable Telecomunicaciones**, S.A.U. (A15474281); Real 85 A Coruña.

## VELOCIDADES DE ACCESO A INTERNET EN TECNOLOXÍA MÓBIL

Información sobre a velocidade de internet en Telefonía Móbil.

|           | velocidade anunciada (Mbps) |        | máxima velocidade conseguida (Mbps) |        |
|-----------|-----------------------------|--------|-------------------------------------|--------|
|           | downlink                    | uplink | downlink                            | uplink |
| <b>3G</b> | 16                          | 4      | 16                                  | 4      |
| <b>4G</b> | 150                         | 50     | 150                                 | 50     |

**R** publica as velocidades aplicables ás distintas modalidades de acceso a internet na sección de Tarifas que forma parte do contrato suscrito polo CLIENTE.

En relación ás devanditas velocidades publicadas, comunícase que os factores relevantes que poden limitar a velocidade que o CLIENTE poderá experimentar ao usar internet son os seguintes:

### A) FACTORES SOBRE OS QUE O OPERADOR TEN CONTROL:

A interrupción ou degradación do servizo como consecuencia de operacións de mantemento de rede durante o tempo imprescindible para a realización das mesmas.

### B) FACTORES ALLEOS AO OPERADOR:

1. Tecnoloxía de acceso (2G, 3G, 4G, 5G) que estea a dar cobertura e a banda de transmisión.

A tecnoloxía de acceso (5G, 4G, 3G ou 2G) vai determinar cal é a máxima velocidade obtida, independentemente do resto de factores. Así mesmo, en frecuencias baixas (banda 800 MHz) a propagación das ondas radioelétricas é mellor, e conséguense mellor cobertura dentro dos edificios e tamén mellores velocidades de acceso a internet dende o móbil. Por outra banda as frecuencias máis altas (2600MHz) teñen maior capacidade, aínda que a propagación é peor, polo que empeora a cobertura en interiores.

2. Distancia á antena.  
A distancia a respecto da antena tamén afecta á velocidade máxima que se pode conseguir, diminuíndo ao afastarse da antena.
3. Cantidade de usuarios conectados de forma simultánea á antena que dá o servizo.  
A capacidade máxima da antena compártese entre todos os usuarios conectados á mesma. Deste xeito, canto maior sexa o número de usuarios conectados usando o servizo de forma simultánea, diminúe máis a velocidade experimentada.
4. Tipo de servizo utilizado polo resto de usuarios.  
A rede móbil debe distribuír a súa capacidade entre todos os usuarios que se conectan á vez, tamén en función do tipo de servizo que demandan. Non se precisa a mesma capacidade de rede para enviar unha mensaxe de texto por unha aplicación de mensaxería que para facer unha videoconferencia.

En consecuencia, o xeito en que os usuarios utilizan o servizo acaba afectando á velocidade do resto de usuarios conectados nese momento.

5. Movemento do usuario.

Atoparse en movemento tamén afecta á velocidade experimentada, producíndose unha maior baixada da velocidade cando aumenta a velocidade. Desta forma, a baixada é inferior camiñando e increméntase ao moverse dentro dun coche.

6. Capacidade do terminal ou o dispositivo utilizado polo usuario do servizo.

A tecnoloxía do dispositivo deberá ser compatible coa da antena á que se atopa conectado. Deste xeito, se o dispositivo ten só tecnoloxía 3G non poderá acadar a velocidade facilitada pola tecnoloxía 4G e se o dispositivo ten a tecnoloxía 4G non poderá acadar a velocidade facilitada pola tecnoloxía 5G. Así mesmo, a calidade da antena do dispositivo do CLIENTE tamén afectará á velocidade experimentada.

7. Condicións xeográficas (incluído localización en interiores, garaxes, muros, ...).

A situación do usuario e os obstáculos físicos que existan entre o mesmo e a antena afectan á velocidade experimentada.

8. Condicións climatolóxicas.

Dada á natureza sen fíos do servizo, algunhas inclemencias climatolóxicas poden afectar á propagación do sinal.